

CICLO CONCERTOS EN CONSTRUCCIÓN

ENSEMBLE LIBERDADE

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 23 de xaneiro ao 14 de maio de 2024

DIRECCIÓN: Xacobe Martínez Antelo

Coincidiendo no espazo e no tempo coas montaxes das próximas exposicións temporais do CGAC, Ensemble Liberdade realizará un proxecto de residencia musical ao redor da idea da construción e da creación en proceso.

O programa empezará cun concerto para formigoneira dirixido a todos os públicos e concluirá cunha serie de concertos didácticos concibidos para o público infantil e o público adulto, respectivamente.

Ensemble Liberdade nace como un formato reducido da Orquestra Galega de Liberación, co fin de profundar aínda máis na liña de traballo desta. Ensemble Liberdade usa técnicas de vangarda como o *sound painting* para a composición de material musical en tempo real, o que consegue botando man da improvisación como materia prima e buscando novos contextos nos que deconstruír os usos compositivos máis frecuentes. Unha mostra poderosa e actual da escena musical contemporánea e de como aínda é posible innovar no campo da experimentación sonora e musical.

Os integrantes deste grupo de cámara, composto por un cuarteto de corda, un trío de ventos e percusión, son:

Elena Vázquez, violín
María José Pámpano, viola
Macarena Montesinos, violonchelo
Saúl Puga, contrabaixo
Diego Alonso, saxo soprano
Xosé Miguélez, saxo tenor e gaita galega
Javier Pereiro, trompeta
LAR Legido, batería e percusións
Xacobe Martínez Antelo, dirección

PROGRAMA DE CONCERTOS ABERTOS

23 XANEIRO E 6 DE FEBREIRO | Prazas: 250 | Entrada libre ata completar a capacidade da sala

MARTES 23 DE XANEIRO | 20:00 h. *Concerto para formigoneira e ensemble*, composto en tempo real e interpretado por LAR Legido e Ensemble Liberdade

MARTES 6 DE FEBREIRO | 20:00 h. *Concerto inmediato para refugallo e ensemble*, composto en tempo real e interpretado por Ensemble Liberdade



Coincidiendo en el espacio y en el tiempo con los montajes de las próximas exposiciones temporales del CGAC, Ensemble Liberdade realizará un proyecto de residencia musical en torno a la idea de construción y creación en proceso.

El programa empezará con un concierto para hormigonera dirigido a todos los públicos y concluirá con una serie de conciertos didácticos concibidos para el público infantil y el público adulto, respectivamente.

Ensemble Liberdade nace como formato reducido de la Orquestra Galega de Liberación, para profundizar aún máis en la liña de traballo de esta. Ensemble Liberdade usa técnicas de vangarda como el *sound painting* para la composición de material musical en tempo real, usando la improvisación como materia prima y buscando nuevos contextos en los que deconstruir los usos compositivos máis frecuentes. Una muestra poderosa y actual de la escena musical contemporánea y de cómo aún es posible innovar en el campo de la experimentación sonora y musical.

Los integrantes de este grupo de cámara, compuesto por cuarteto de cuerda, trío de vientos y percusión, son:

Elena Vázquez, violín
María José Pámpano, viola
Macarena Montesinos, violonchelo
Saúl Puga, contrabajo
Diego Alonso, saxo soprano
Xosé Miguélez, saxo tenor y gaita gallega
Javier Pereiro, trompeta
LAR Legido, batería y percusiones
Xacobe Martínez Antelo, dirección

PROGRAMA DE CONCIERTOS ABIERTOS

23 ENERO Y 6 DE FEBRERO | Plazas: 250 | Entrada libre hasta completar aforo

MARTES 23 DE ENERO | 20:00 h. *Concierto para hormigonera y ensemble*, compuesto en tempo real e interpretado por LAR Legido y Ensemble Liberdade

MARTES 6 DE FEBRERO | 20:00 h. *Concierto inmediato para desecho y ensemble*, compuesto en tempo real e interpretado por Ensemble Liberdade

O programa de concertos abertos busca achegar a música contemporánea e de vangarda a todos os públicos e dar testemuño das infinitas vías que esta disciplina posibilita. Camiños diversos, inauditos e divertidos a prol da excelencia musical e performativa, e tamén dos procesos liberadores das artistas que os transitan. O traballo de Ensemble Liberdade, un grupo reducido e avanzado da Orquestra Galega de Liberación, consegue proporcionarlle ao público unha experiencia inmersiva e única.

PROGRAMA DE CONCERTOS DIDÁCTICOS OTRAS MÚSICAS SON POSIBLES

13 E 14 DE MAIO

Este programa presentárase en dous formatos: dous concertos especialmente dirixidos ao público infantil e un concerto pensado para o público adulto.

Estas sesións versarán, dunha maneira amena, práctica e participativa sobre a escoita activa, as posibilidades ás que se enfrenta a composición contemporánea e os procesos de xuízo por parte das persoas oíntes.

Artistas e oíntes penetramos da man no maravilloso mundo das músicas posibles e formulámonos preguntas como: Que é música e que non o é? Por que nos gusta unha música e outra non? Onde está a música que eu necesito e como podo atopala? Hai músicas demasiado complexas? Hai músicas demasiado simples? Hai músicas boas e músicas malas?

CONCERTOS DIDÁCTICOS PARA ESCOLARES

LUNS 13 E MARTES 14 DE MAIO | Lugar: Auditorio do CGAC | Prazas: 250 por quenda | Entrada gratuíta con inscrición previa

HORARIOS: 10:30 h. Primeira quenda
12:00 h. Segunda quenda

PERSONAS DESTINATARIAS: Grupos de escolares de primeiro e segundo ciclo de educación primaria.

INSCRIPCIÓN: O prazo de inscrición estará aberto do 1 ao 4 de abril de 2024. Os centros interesados deberán enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal cos seguintes datos: nome do centro, número de participantes, curso ou idade, número de teléfono, enderezo electrónico e nome da persoa responsable do grupo.

As prazas cubriranse por orde de inscrición e os centros solicitantes recibirán unha notificación do estado da súa solicitude por correo electrónico.

CONCERTO DIDÁCTICO PARA ADULTOS

MARTES 14 DE MAIO | Horario: 20:00 h | Lugar: Auditorio do CGAC | Prazas: 250 | Entrada libre ata completar a capacidade da sala

COORDINACIÓN: Carmen Hermo e Virginia Villar

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

El programa de conciertos abertos busca acercar la música contemporánea y de vanguardia a todos los públicos dando testimonio de las infinitas vías que esta disciplina posibilita. Caminos diversos, inauditos y divertidos en pos de la excelencia musical y performativa, y también de los procesos liberadores de las artistas que los transitan. El trabajo de Ensemble Liberdade, grupo reducido y avanzado de la Orquestra Galega de Liberación, consigue proporcionar al público una experiencia inmersiva y única.

PROGRAMA DE CONCIERTOS DIDÁCTICOS OTRAS MÚSICAS SON POSIBLES

13 Y 14 DE MAYO

Este programa se presentará en dos formatos: dos conciertos especialmente dirigidos al público infantil y un concierto pensado para el público adulto.

Estas sesiones versarán de una manera amena, práctica y participativa sobre la escucha activa, las posibilidades a las que se enfrenta la composición contemporánea y los procesos de juicio por parte de las personas oyentes.

Artistas y oyentes nos adentramos de la mano en el maravilloso mundo de las músicas posibles formulándonos preguntas como: ¿Qué es música y qué no lo es? ¿Por qué nos gusta una música y otra no? ¿Dónde está la música que yo necesito y cómo puedo encontrarla? ¿Hay músicas demasiado complejas? ¿Hay músicas demasiado simples? ¿Hay músicas buenas y músicas malas?

CONCIERTOS DIDÁCTICOS PARA ESCOLARES

LUNES 13 Y MARTES 14 DE MAYO | Lugar: Auditorio del CGAC | Plazas: 250 por turno | Entrada gratuíta con inscrición previa

HORARIOS: 10:30 h. Primer turno
12:00 h. Segundo turno

DESTINATARIOS: Grupos de escolares de primer y segundo ciclo de educación primaria.

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción estará abierto del 1 al 4 de abril de 2024. Los centros interesados deberán enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal con los siguientes datos: nombre del centro, número de participantes, curso o edad, número de teléfono, correo electrónico y nombre de la persona responsable del grupo.

Las plazas se cubrirán por orden de inscripción y los centros solicitantes recibirán una notificación del estado de su solicitud por correo electrónico.

CONCIERTO DIDÁCTICO PARA ADULTOS

MARTES 14 DE MAYO | Horario: 20:00 h | Lugar: Auditorio del CGAC | Plazas: 250 | Entrada libre hasta completar aforo

COORDINACIÓN: Carmen Hermo y Virginia Villar